



INFORME COORDINACIÓN 1º SEMESTRE GRAO EN BIOLOXÍA

Curso Académico: 2019-2020

Javier Iglesias Piñeiro
Guillermo Covelo Artos
Ana M^a Otero Casal
Francisco J. Salgado Castro

Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o __/__/____
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o __/__/____

Presentación	p. 2
Primeiro Curso	p. 3
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 3
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 5
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 5
Segundo Curso	p. 7
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS</i>	p. 7
<i>COMENTARIOS REALIZADOS POLOS/AS ALUMNOS/AS NO</i> <i>APARTADO “OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS” DA ENQUISA E</i> <i>REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 12
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 16
Terceiro Curso	p. 21
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 21
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 27
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 27
Cuarto Curso	p. 29
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 29
<i>REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 45
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 45
<i>Anexos</i>	p. 47

Presentación



Neste informe preséntanse os resultados das enquisas sobre a percepción que os alumnos teñen sobre a docencia recibida no primeiro semestre do curso 2019-2020, na que a docencia transcorreu con total normalidade. Tamén se presentan os resumos das reunións mantidas entre cada un dos coordinadores de curso e os representantes de alumnos do devandito curso, así como os encontros feitos entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias de cada curso de grao. Os coordinadores para o primeiro semestre do curso 2019-2020 foron:

- 1º curso: Dr. D. Javier Iglesias Piñeiro
- 2º curso: Dr. D. Guillermo Covelo Artos
- 3º curso: Dra. Dña. Ana Mª Otero Casal
- 4º curso: Dr. D. Francisco Javier Salgado Castro (provisionalmente)

Primeiro curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS


As enquisas de seis materias foron realizadas neste semestre: Matemáticas (n=53 grupo A, n= 36 grupo B), Biofísica (n= 53 grupo A; n= 36 grupo B) , Química (n= 53 grupo A; n= 36 grupo B), Xeoloxía (n= 53 grupo A; n= 36 grupo B), Bioloxía Celular (n= 53 grupo A; n= 36 grupo B) e Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal (n= 53 grupo A; n= 36 grupo B). As notas medias globais, que se calcularon tendo en conta soamente os 8 primeiros items da enquisa (valoración de 1-3), foron as seguintes: Matemáticas (1,95 grupo A, 2,23 grupo B), Biofísica (2,31 grupo A; 2,30 grupo B) , Química (2,37 grupo A; 2,46 grupo B), Xeoloxía (2,37 grupo A; 2,41 grupo B), Bioloxía Celular (2,26 grupo A; 2,16 grupo B) e Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal (2,26 grupo A; 2,40 grupo B). Polo tanto, as notas son superiores a 2 en case todos os casos, coa única excepción do grupo A de Matemáticas. Ademais, atopáronse lixeiras diferencias nas valoracións dos grupos A e B en diversas materias tal e como indican as seguintes figuras.



Informe Coordinación 1º semestre (curso 2019-2020) Facultade de Bioloxía

Os items mellor valorados nas materias soen ser o 2 (temario) e 3 (redundancias). En canto aos items peor valorados, estes son sobre todo os 5 (prácticas) e 6 (seminarios) no caso de Matemáticas, o 5 (prácticas) no caso de Biofísica, o 4 (titorías) no caso de Bioloxía Celular, e o 6 (seminarios) no caso de Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal, como o indican as Figuras seguintes tanto para o grupo A como o B.


PRIMER CURSO, PRIMER SEMESTRE 2019-2020, GRUPO A



Item

- 1 As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma
- 2 O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3 Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias
- 4 As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia
- 5 As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6 Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7 O nivel existido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8 A docencia da materia mellora a miña formación

PRIMER CURSO, PRIMER SEMESTRE 2019-2020, GRUPO B




Item

- 1 As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma
- 2 O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3 Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias
- 4 As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia
- 5 As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6 Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7 O nivel existido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8 A docencia da materia mellora a miña formación

En canto aos dous últimos items da enquisa, referidos ao esforzo que supoñen as materias para os alumnos, a materia que supón o maior esforzo para os alumnos tanto no grupo A como no B é a de Bioloxía Celular.


PRIMER CURSO, PRIMER SEMESTRE 2019-2020, GRUPO A

Item
 9 Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)
 10 Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia
 (1: <3 h/sem; 2: 3-6 h/sem; 3: >6 h/sem)



PRIMER CURSO, PRIMER SEMESTRE 2019-2020, GRUPO B

Item
 9 Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)
 10 Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia
 (1: <3 h/sem; 2: 3-6 h/sem; 3: >6 h/sem)



REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Non houbo reunión cos representantes dos alumnos neste semestre

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2019-2020) Facultade de Bioloxía

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DE MATERIAS

Non houbo reunión cos coordinadores de materia neste semestre

O Coordinador do primeiro curso do Grao de Bioloxía

Fdo. Javier Iglesias Piñeiro

Segundo Curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (cumprimento das actividades reflectidas na guía docente e cumprimento do temario, respectivamente), amosan resultados favorables (por enriba de 2 en tódolos casos, e nalgúns rozando o 3, como Bioloxía do Desenvolvemento) para tódalas materias. Son un pouco máis baixas en Xenética I (ambos grupos) e no grupo A de Zooloxía I (2,5 e 2,12), onde se aprecia unha notable diferenza co grupo B (2,8 e 2,93) nas dúas preguntas. No resto das materias, as diferenzas entre grupos son pequenas. Só destacar en Botánica I, que na pregunta 1 hai unha diferenza de 0,29 puntos entre grupos (2,88 no A e 2,59 no B).

No apartado 3 (solapamentos e redundancias de contidos), os resultados mostran valoracións tamén por enriba de 2 en tódalas materias. A que obtén maior puntuación en ambos grupos é Botánica I (2,61 no grupo A e 2,69 no B) e a que menos, Bioquímica I (2,38 no grupo A e 2,31 no B). No resto de materias hai algunhas diferenzas entre grupos: a máis notable en Bioloxía do Desenvolvemento, cunha diferenza de 0,38 puntos a favor do grupo B, e menos importantes en Xenética I (0,25 puntos a favor do grupo A) e Zooloxía I (0,22 puntos a favor do B).

A valoración no apartado 4 (titorías) é en xeral máis baixa que as anteriores e tamén a que menos respostas suma (salvo excepcións, aproximadamente a metade das respostas das outras preguntas) en tódalas materias, o que indica que poucos/as alumnos/as fixeron uso delas en moitos casos (excepto en Xenética I). Onde se obtén unha maior puntuación global, pero tamén con moita diferenza entre grupos (0,56 puntos), é en Bioloxía do Desenvolvemento (1,85, grupo A e 2,4, grupo B). Outro caso similar é Zooloxía I (0,42 puntos de diferenza entre grupos: 1,61 no A e 2,03 no B). Moito máis homoxéneas entre os dous grupos son as de Bioquímica I, onde apenas hai diferenzas (en trono a 1,76 nos dous grupos) e nun punto intermedio están Xenética I (1,81 no A e 1,56) e Botánica I (1,44 no A e 1,7 no B). Destas dúas materias, a primeira é a que máis respostas ten levado neste ítem (69 fronte a 41, por exemplo en Bioquímica I), e a segunda é a que peor nota global obtén.

As prácticas de laboratorio/campo (pregunta 5) están en xeral ben valoradas polos/as alumnos/as, pero só cunha materia destaca por enriba de 2,7 nos dous grupos (Bioloxía do Desenvolvemento, 2,78 e 2,86 en A e B, respectivamente). No resto das materias as valoracións son lixeiramente inferiores: Zooloxía I (2,31 e 2,20 en A e B, respectivamente) e Botánica I (2,37 e 2,11 en A e B, respectivamente), similares ás de Bioquímica I (2,15 e 2,28, en A e B, respectivamente). A excepción témola en Xenética I (1,76 e 1,67 en A e B, respectivamente), que como se ve, non acadar valoracións de 2 en ningún grupo. Como se ve, as valoracións son moi homoxéneas entre os dous grupos en tódalas materias, inferiores a 0,15 puntos, a excepción de Botánica I onde chega a 0,26 puntos.

A valoración máis alta no apartado da utilidade dos seminarios (pregunta 6) a teñen

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2019-2020) Facultade de Bioloxía

Bioquímica I (2,74 e 2,83 nos grupos A e B, respectivamente). Nun punto similar, aínda que con diferenzas notables entre elas, están Bioloxía do Desenvolvemento I (2,31 e 2,51 nos grupos A e B, respectivamente) e Xenética I (2,11 e 2 nos grupos A e B, respectivamente). A materia que peor valoración obtén neste apartado é Zooloxía I que non acadou o 2 en ningún grupo (1,58 e 1,77 nos grupos A e B, respectivamente). Neste segundo caso resulta destacable a diferenza co grupo A onde a valoración é 0,6 puntos inferior. As diferenzas entre grupos non son moi destacables en tódalas materias, só en Bioloxía do Desenvolvemento e en Zooloxía I están arredor dos 0,2 puntos. Nas outras dúas materias, están arredor de 0,1 puntos. Botánica I non ten seminarios na súa programación docente.

A valoración sobre o nivel de esixencia percibido na avaliación (pregunta 7) indica que en Bioloxía do Desenvolvemento (2,66 e 2,95 nos grupos A e B, respectivamente), Botánica I (2,50 no grupo A e 2,70 no grupo B), Zooloxía I (2,47 e 2,66 nos grupos A e B, respectivamente) e en Bioquímica I (2,32 e 2,67 nos grupos A e B, respectivamente), parece haber un grao notable de satisfacción por parte dos/as alumnos/as. Xa non é o caso de Xenética I onde parece haber certo descontento no nivel esixido da avaliación xa que a valoración (1,31 e 1,35 nos grupos A e B, respectivamente) é moito máis baixa que a do resto de materias do curso. Pola contra, esta é a materia máis homoxénea na valoración ao comparar os dous grupos. É de destacar a diferenza de 0,35 puntos entre grupos en Bioquímica I e de 0,29 puntos en Bioloxía do Desenvolvemento. No caso das outras dúas materias, as diferenzas de valoración entre grupos son máis curtas, arredor dos 0,2 puntos.

A materia globalmente (sumando ambos grupos) mellor valorada na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*) é Bioloxía do Desenvolvemento (2,78 e 2,90 nos grupos A e B, respectivamente), cunha importante vantaxe con respecto ao resto. Nun segundo chanzo están Bioquímica I (2,49 e 2,22 nos grupos A e B, respectivamente) e Zooloxía I (1,88 e 2,51 nos grupos A e B, respectivamente), e logo as outras dúas materias do curso, Botánica I (2,03 e 1,70 nos grupos A e B, respectivamente) e Xenética I (1,71 e 1,70 nos grupos A e B, respectivamente), que obtén a peor valoración, algo moi rechamante porque no pasado curso era das mellor valoradas neste apartado. Como se pode observar, salvo no caso desta última materia e de Bioloxía do desenvolvemento, existen diferenzas moi importantes entre os dous grupos. No caso de Bioquímica I e Botánica I, a mellor valoración obtense no grupo A, cunhas diferenzas de 0,27 puntos e 0,33 puntos, respectivamente, nestas dúas materias. Pola contra, en Zooloxía I, a materia que presenta unha diferenza moi importante de valoración deste ítem (0,63 puntos), obtén os peores resultados precisamente no grupo A. Probablemente a razón, polo menos en parte, destas diferenzas entre grupos, estea relacionada con que no grupo B se sitúa todo o alumnado de dobre grao, que non aborda co mesmo interese (e niveis previos de coñecementos) diferentes tipos de materias.

A materia que se destaca co maior nivel de esforzo polos/as alumnos/as (pregunta 9) é Zooloxía I, que recibe un 2,83 no grupo A e 2,80 no B, como vemos, sen diferenzas de valoración entre grupos. Nun seguinte chanzo están, con valores similares, Xenética I (2,75 e 2,60), Bioquímica

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2019-2020) Facultade de Bioloxía

I (2,71 e 2,37) e, algo máis lonxe, Bioloxía do Desenvolvemento, (2,25 e 2,40) (en todas, grupos A e B, respectivamente). Como se aprecia, nestas dúas últimas materias hai diferenzas destacables entre grupos. A que semella ter unha menor dificultade de preparación é Botánica I (1,77 e 1,95 nos grupos A e B, respectivamente). De novo, a materia que presenta máis diferenzas entre grupos é Bioquímica I, que novamente ten menor puntuación no grupo B (0,34 puntos menos). No resto das materias, as diferenzas son menores aos 0,2 puntos ou inexistentes (como se ten indicado para Zooloxía I). Tanto en Bioloxía do Desenvolvemento como en Botánica I, no grupo B obtéñense valoracións maiores, a diferenza do que ocorre en Bioquímica I e Xenética I.

Os resultados da pregunta 10 (*Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia*) reflicten as valoracións da pregunta anterior. De novo, a materia de Zooloxía I (2,68 grupo A e 2,56 grupo B) é a destacada, e con pouca diferenza entre grupos. Cuns valores máis próximos entre si están Xenética I 2,58 no grupo A e 2,29 no B; Bioquímica I 2,43 no grupo A e 1,96 no B e Bioloxía do Desenvolvemento 2,14 no A e 2,05 no B. Como no apartado anterior, Bioquímica I e Xenética I teñen importantes (sobre todo a primeira) diferenzas entre grupos (0,47 e 0,29 puntos), xa que parece que no grupo B se require menos tempo de estudo que no grupo A. Sen embargo, para o resto de materias, aínda que as diferenzas non son importantes, que no apartado anterior (recordemos que ambas preguntas están moi vencelladas) tiñan un comportamento diferente entre grupos, agora tamén teñen unha puntuación maior no grupo A. Novamente, Botánica I destácase como a que requiriu menos horas de traballo do/a alumno/a cuns valores de 1,41 e 1,32 (grupos A e B, respectivamente).

ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENROLO DAS MATERIAS

CURSO 2019-20. 1º CUADRIMESTRE.

Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.

Apartados da enquisa:

- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenrolo da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenrolo da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenrolo da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas.
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación.
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que cres que esixe a materia (**1 baixo, 2 medio, 3 alto**).
- 10.- Indica o número aproximado de horas semanais de **traballo persoal** necesarias para a superación da materia (**1: < 3 horas/semana, 2: 3-6 horas/semana, 3: > 6 horas/semana**).

A continuación preséntanse táboas resumo cos resultados da enquisa. As valoracións medias realízanse coas puntuacións numéricas de 1 a 3, descartando os 0, xa que significan “non procede”.

A valoración media final da materia realízase sen ter en conta as preguntas 9 e 10.

Número de enquisas cubertas (non se cobren sempre todas as preguntas):

Botánica I: 38 (A), 51 (B)


Zooloxía I: 38 (A), 51 (B)

Bioquímica I: 38 (A), 51 (B)


Xenética I: 38(A), 51 (B)

Bioloxía do Desenvolvemento: 38 (A), 51 (B)


BOTÁNICA I. Media: G. A: 2,37; G. B: 2,31




ZOOLOGÍA I. Media: G. A: 2,12; G. B: 2,45




XENÉTICA I. Media: G. A: 1,96; G. B: 1,87



BIOQUÍMICA I. Media: G. A: 2,48; G. B: 2,44



BIOI. DES. Media: G. A: 2,56; G. B: 2,77



COMENTARIOS REALIZADOS POLOS/AS ALUMNOS/AS NO APARTADO “OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS” DA ENQUISA E REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Este informe é o resultado das opinións enviadas por correo electrónico o 20/07/2020 polas representantes de alumnos/as de 2º curso **Ainé Francos Golán** (grupo A) e **Mariña Rodríguez Arrizabalaga** (grupo B), e da revisión das enquisas de percepción do desenrolo das materias cubertas polos/as alumnos/as de 2º (un total de 38 do grupo A e 51 do grupo B) distribuídas durante unha clase o 26/02/2020. Inclúense tamén os resultados de valoración numérica das materias realizadas nas citadas enquisas.

Comézase reflectindo algunhas cuestións xerais do desenrolo do curso e puntos para mellorar, segundo as apreciacións dos/as alumnos/as no apartado de observación e suxestións.

Cuestións xerais

Hai un par de comentarios no grupo A (e logo algúns específicos nalgunhas materias) que din que as clases (sen especificar se son só as expositivas ou se estende a todas) son moi rápidas e difíciles de seguir, e que mesmo algunhas parecen ditados ou simples lecturas das diapositivas presentadas. Tamén se pide que as clases sexan máis didácticas e que motiven ao alumnado e que se axusten mellor os temarios ás horas dispoñibles para impartilos. No grupo B, as reclamacións xerais fan referencia á necesidade de facer exames parciais eliminatorios e tamén na elaboración de calendarios que non deixen horas mortas. En concreto, indica un/ha alumno/a que non debería haber clases soltas o xoves pola tarde ou o venres pola tarde tendo en conta que os venres pola mañá non teñen clases. Loxicamente, este tipo de cuestións non son habitualmente “competencia” do profesorado e débense á organización da facultade, e segundo o meu punto de vista, son de moi difícil resolución para todo o alumnado.

A continuación relátanse os comentarios máis habituais detallados por materias.

Bioquímica I

No grupo A non se reportaron comentarios sobre esta materia, e no B hai dúas cuestións. Por un lado, un/ha alumno/a critica algúns procedementos “pouco precisos” levados a cabo nas prácticas de laboratorio e o outro pide dar máis importancia a

seminarios e resolución de problemas. O informe das alumnas representantes fai referencia tamén a estas dúas actividades. Por unha banda, pensan que as prácticas foron pouco útiles porque non se entendía ben o que se estaba a facer e isto facía tamén difícil completar a memoria de prácticas, que levou moito traballo e esforzo que non se ve reflectido na nota final. No caso dos seminarios, indican que foron moi útiles pero feitos con moita rapidez. Algo parecido se di en canto á docencia expositiva. As representantes indican que estivo ven organizada pero que era un pouco rápida e difícil de seguir e procesar. Isto pode relacionarse cos comentarios xerais sobre a docencia indicados máis arriba.

No referente ao exame, as representantes apuntan que o nivel esixido estivo en consonancia coa docencia impartida e que na segunda oportunidade (en situación de confinamento) o modelo de exame foi exactamente o mesmo, pero con algo máis de tempo para a realización, o cal agradecen.

Bioloxía do Desenvolvemento

Esta materia só recibe comentarios eloxiosos, tanto nas enquisas como no informe das alumnas representantes. No primeiro caso houbo poucos comentarios, 3 no grupo A, para indicar, dun xeito ou outro, que a materia gustou moito e a docencia impartida foi moi útil. No grupo B só un comentario reporta para esta materia a necesidade, segundo o seu criterio, de facer exame parcial eliminatorio.

O informe das representantes destaca a boa calidade das clases expositivas (e a boa compenetración das dúas profesoras e a súa atención ao alumnado), das prácticas de laboratorio e tamén dos seminarios. Neste caso, indican que son moi extensos e requiren moito tempo de dedicación do alumnado, pero que se compensan coa utilidade para comprender á materia.

No relativo ao exame, indican que foi completo, variado en canto a tipo de preguntas e moi axeitado ao nivel das clases expositivas.

Botánica I

Houbo, tanto no grupo A (2) como no B (8) diversos comentarios críticos coa docencia recibida nas clases expositivas (“exposicións malas, “lectura de diapositivas, “clases pouco útiles que fixeron que houbera pouca asistencia”), que nun par de casos concretanse máis na profesora encargada da parte de algas, da que se di que “non motiva ao alumno” ou mesmo un/ha alumno/a do grupo B di que foi “pouco respetuosa co alumnado”. Un par de alumno/as do grupo B expresan o seu descontento cun lacónico “que mellore o profesorado”. Sen embargo, no informe remitido polas alumnas representantes, dise que a docencia foi en xeral boa, sobre todo polas boas

presentacións que se usaron, aínda que novamente se indica que “a parte de fungos foi moitísimo máis amena que a de algas, sobre todo polo uso de medios audiovisuais”

Sobre as prácticas de laboratorio só un/ha estudante indica que foron útiles. Vótanse en falta saídas ao campo (1 comentario en cada grupo). Pola contra, no informe das representantes díse que as prácticas foron “pouco útiles pero interesantes”.

Con respecto ao exame, o único comentario está feito polas representantes para indicar que foi acorde coa docencia recibida en expositivas.

Zooloxía I

O alumnado do grupo A indicou 5 comentarios críticos sobre esta materia. Por unha banda, nun caso se di que as clases expositivas estiveron mal organizadas, con saltos continuos duns temas a outros e e que os conceptos importantes non quedaban ben explicados. Tamén se di por 3 estudantes (e 1 do grupo A) que o temario é moi extenso e que polo tanto se trata de modo demasiado rápido. Finalmente, nun comentario criticábase ao docente pola pouca motivación para o estudo da materia que transmite ao alumnado. No grupo B, o resto de comentarios (4) van centrados na petición dun exame parcial eliminatorio, que os exames sexan iguais para os dous grupos e, en dous casos, para opinar que os seminarios pouco útiles.

O informe das alumnas representantes indica, no caso do grupo A, de que teñen notado unha mellora das clases expositivas con respecto ao pasado curso, o cal valoran positivamente, pero indican, como se dixo arriba que é necesario adecuar as presentacións e materia “extremadamente ampla” a duración dun cuadrimestre. Neste sentido indica que os seminarios foron practicamente inexistentes. Con respecto ao exame sinalan que o nivel esixido foi axeitado. Con respecto ao grupo B, mencionan tamén a excesiva amplitude dos contidos das clases expositivas, pero tamén louvan as explicacións do/a profesor/a e a calidade dos métodos audiovisuais empregados na aula. No relativo aos seminarios indican que non son moi útiles para preparar a materia.

Referido a avaliación, o informe das representante recolle comentarios referidos a ambas convocatorias. Na primeira, para ambos grupos se indica que no grupo A foi axeitado a nivel das clases e no B que “foi moi claro e con preguntas de diversos tipos”. Na segunda convocatoria parece que hai algo máis de malestar xa que indican que o exame, malia ser igual para ambos grupos, foi exclusivamente de tipo oral e “tiña preguntas moi concretas e foi un pouco agobiante”.

Xenética I

Esta materia é a que ten recibido máis comentarios negativos neste cuadrimestre. Sobre as clases expositivas indícase que as clases non se axustan ao

nivel esixido logo no exame ou son de pouca axuda par superar a materia (2 comentarios no grupo A e 9 no grupo B). Mesmo un/ha alumno/a do grupo A indica que o/a profesor/a amosa pouco interese por motivar aos/ás estudantes e outro, no grupo B, que “o material proporcionado polo profesor era moi escueto e incompleto, ademais de explicacións de dubidosa claridade nas expositivas”. Pola súa banda, as alumnas representantes indican que hai diferentes opinións con respecto ás clases expositivas entre os/as compañeiros/as. Nuns casos, no sentido expresado arriba, pero que outros/as indicaban que a docencia tiña foi boa. Din tamén que algúns/has alumnos/as se queixan porque non obtiveron respostas do profesor a consultas feitas a través do correo electrónico.

No relativo aos seminarios tamén ten habido descontento xa que no grupo A se di nun par de comentarios que están mal aproveitados, que non dá tempo a facer os problemas programados, que sería mellor facer menos pero ben explicados e que sería necesario de que se colgasen as explicacións dos problemas no curso virtual (tamén indicado nun comentario do grupo B). No grupo B van máis aló (con 8 comentarios neste sentido) e indican que os problemas feitos nos seminarios non se axustaban aos esixidos no exame, moito máis difíciles ou de diferente enfoque. Tamén, no grupo B, un/ha alumno/a solicita que se fagan máis problemas, mesmo nas clases expositivas. Nunha enquisa, tamén do grupo B, dise que “toda a materia de seminarios non se tivo en conta no exame nin se valorou” e outro/a di que a titoría foi máis útil que os seminarios para a resolución de problemas. Sobre os seminarios, o informe das representantes di: “os exercicios non foron útiles para prepararnos para o exame, pero si para entender algúns aspectos da materia”.

Sobre as prácticas só se fai un comentario nunha enquisa do grupo B que indica que “son completamente innecesarias, sobre todo la del maíz y no tienen relación con el temario”.

O exame en xeral e a forma de corruxilo en particular tamén ten sido outro problema percibido polos/as estudantes. Algúns/has indican o seu descontento co nivel esixido en relación ao recibido, xa indicado arriba, amosando doutro xeito o seu malestar. En 3 comentarios no grupo A e 7 no B indican que o nivel de exame non foi axustado co da docencia recibida. Tal vez o informe das representantes de alumnos/as aclare un pouco este tema ao dicir: “o exame da primeira oportunidade contiña un exercicio que non se explicou na clase nin en ningún seminario, e o exercicio parecido que se explicou non se rematou de explicar na clase. En xeral, a opinión é que o exame non estaba ao nivel das clases expositivas nin seminarios. O exame da segunda oportunidade tampouco se adaptou ben á situación, sendo diferente ao da primeira oportunidade (non igualdade de condicións entre alumnado) e con exercicios non explicados nas expositivas con detalle. O tempo foi un pouco xusto”. Por outra banda, a

corrección do exame (polo menos na primeira convocatoria porque as representantes non din nada a este respecto) “por comparación” e non por puntuacións preestablecidas, foi motivo de queixa por 3 alumnos/as do grupo A e 4 do B.

Finalmente, nunha enquisa do grupo A se indica que existen solapamentos desta materia con Bioloxía do Desenvolvemento no tocante a certas enfermidades e as mutacións que as causan.

REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

A parte anterior deste informe, coas valoracións numéricas das enquisas e as opinións do alumnado, foi remitida o 09 de setembro aos/ás coordinadores/as das materias. Na semana do 14 ao 18 de setembro de 2020 algúns/has deles/as remitiron as súas opinións e comentarios, que se recollen a continuación. Salvo no caso de Xenética I, que non respondeu á mensaxe do coordinador do curso, dende o resto de materias si houbo resposta, máis ou menos longa.

Enviaron comentarios:

Prof. Guillermo Covelo Artos, coordinador de Bioquímica I e redactor deste informe.

Zooloxía I

O Prof. Andrés Baselga Fraga comunica que lle remitiu o informe ao outro profesor de expositivas, xa xubilado, e que trala lectura detida, non teñen comentarios que facer ao respecto. Agradece o labor deste coordinador de curso.

Bioloxía do desenvolvemento

A Profa. María Isabel Rodríguez-Moldes Rey indica textualmente: “Estamos moi satisfeitas coa resposta do alumnado de Bioloxía do desenvolvemento a todas as actividades que levamos a cabo o curso pasado. Mais alá de verbalizar esta satisfacción, non temos nada que obxectar, obviamente, ás valoración e opinións do noso alumnado, polo que non imos facer comentarios.”

Botánica I

No referente as **cuestións xerais** do curso, a **Profa. María Jesús Aira Rodríguez**, coordinadora de Botánica I, di que respecta a opinión do alumnado, pero que si nalgúns casos interpretan que as clases son unha mera lectura de diapositivas, “pode ser debido a que as presentacións levan moitas explicacións, esquemas e debuxos para facilitar o estudo aínda que sempre se completan con máis información”.

Sobre a extensión dos temarios apunta que: “entendo que lles parece moita materia, pero o profesorado pensa que imparte os coñecementos necesarios”. No relativo aos calendarios académicos indica que a súa elaboración corresponde ao Decanto e que na súa materia “Non impartimos ningunha clase en xoves/venres pola tarde (salvo algunha práctica en xoves)”.

Nas cuestións xa directamente relacionadas coa materia de Botánica I, a coordinadora explica o formato das clases e responde as críticas feitas por algúns/has alumnos/a a unha das profesoras: “A materia foi impartida en cada un dos grupos por dúas profesoras, Aira, MJ temas 1-7 (fungos), López, MC (8-14) Algas. Isto tamén explica que coincidan practicamente as valoracións tanto no grupo A como no B. Os comentarios negativos parecen afectar a esta última docente, pero dubido moito que fora irrespetuosa co alumnado, mais ben pódese tratar dalgún malentendido profesora-alumnado. O que si é certo, é que eu trato de facer as clases mais amenas poñendo vídeos nas clases (fungos) co fin de cortar un pouco a rutina das explicacións teóricas. De tódolos xeitos considero que ambas as dúas profesoras puxeron o mellor de si para transmitirles ao estudantado os principais coñecemento das plantas non vasculares”.

Sobre as prácticas de laboratorio non comprende que non sexan mellor valoradas: “A verdade é que non se entende moi ben a crítica xa que logo, puideron ver exemplares de todas os grupos taxonómicos tratados nas clases teóricas, houbo material de sobra pra tod@s @s alumn@s e prestouselle atención individualizada pra resolver todas as dúbidas. O comentario de pouco útiles debería ser matizado. Eu considero que son formativas e axudan a comprender as explicacións teóricas, claro está que con 2horas ninguén sae un/a experto/a no tema”. Sobre a necesidade de saídas ao campo apunta: “Non é viable ir ao mar a ver algas nin ir aos montes esperando que estean dispoñibles os fungos e os briófitos. Sen contar que neste caso só poderían ver a morfoloxía externa, mentres que no laboratorio analízanse ademais as estruturas vexetativas e reprodutoras.”

Con respecto as puntuacións da enquisa, a **Prof. Aira** amosa a súa sorpresa coa baixa valoración das titorías, xa que “a hora que teñen destinada a esta actividade dedicouse a resolver cuestionarios sobre as posibles preguntas de exame, xa que é unha forma indirecta para facer un repaso de toda a materia. O que podo afirmar é que a asistencia á titoría foi moi baixa, polo que entendo que a resposta "moi desacordo" corresponde máis ben a "non sabe non contesta".

Bioquímica I

Como coordinador desta materia e tamén do 2º curso, o **Prof. Covelo** tamén quero incluír algúns comentarios ás valoracións do alumnado. No referente á cuestionada utilidade de moitas prácticas e seminarios á que fan referencia moitos/as

estudantes, teño a sensación de que a maioría dos/as estudantes só consideran “útiles” certas actividades se son necesarias (ou serven) para superar o exame (de feito algúns/has din textualmente “que non serven para superar a materia”), e non consideran a importancia para a súa formación, mesmo cando ás veces mesmo estas actividades tamén teñen unha valoración propia na avaliación (como é o caso, por exemplo de Bioquímica I coas prácticas).

Xa no caso concreto de Bioquímica I quero matizar algunhas cuestións. Sobre “os procedementos pouco precisos” nas prácticas estou convencido que se trata dun comentario dun/ha alumno/a de Dobre Grao. Efectivamente, nalgúns circunstancias úsanse probetas e non matraces aforados ou buretas para a medida de certos reactivos. E tamén se fan medidas exclusivamente dun tubo de reacción e non a media de tres independentes. As razóns son o material e o tempo dispoñibles, a rapidez e comodidade de execución: a probeta serve para medir varias cantidades e emprégase en varias prácticas e os matraces só serven para unha medida fixa); só hai dous espectrofotómetros no laboratorio, o que reduce o número de tubos a medir por alumno/a no tempo dispoñible para a realización da práctica.

O alumnado dispón do guión de prácticas con moitos días de antelación e tamén sabe que día lle corresponde cada práctica. Polo tanto, como se lles advirte a principio de curso, deberían ter lido previamente o guión da práctica para saber que se vai facer (e mesmo a parte correspondente da materia de expositivas, nalgúns casos). A maioría dos/as alumnos/as chegan á sesión sen saber si van traballar con proteínas ou ácidos nucleicos, nin si van facer unha electroforese ou reaccións encimáticas. Como se dixo antes, a duración de cada práctica é limitada e hai que aproveitar o tempo coa parte experimental e queda pouca marxe para explicación do profesorado (que sempre se fai). Tamén é habitual atopar alumnado que non sabe facer unha recta de calibrado nin para que serve. Efectivamente, neste curso houbo unha práctica que non saíu axeitadamente nalgúns grupos, pero todo o alumnado que o requiriu foi atendido en titorías para remediar os malos datos experimentais e explicar os problemas ocorridos. Mesmo se subiron ao curso virtual os valores que lles permitían cumprimentar correctamente a memoria de prácticas. Neste sentido quero facer tamén unha crítica aos calendarios de prácticas. Temos dous grupos seguidos en sesións que comezan as 15h 30' e terminan ás 20h 30'. Se xorde algún problema na práctica, non hai marxe de repetir, modificar ou explicar *in situ* os problemas e resultados obtidos porque eses/as alumnos/as teñen que marchar inmediatamente para outras actividades interactivas e os profesores xa temos esperando a outro grupo para entrar e debe adecuarse, entrementes, o laboratorio e o material para eles/as, ou ben xa son horas “intempestivas” despois dunha longa xornada (o profesorado debe deixar tamén o

laboratorio disposto para o día seguinte e o alumnado debe lavar e arranxar o material usado antes de marchar) e co peche da facultade ás 21h. Repito que, en calquera caso, o profesorado sempre atende ás dúbidas ou cuestións xeradas nas prácticas nas sesións de titorías que fagan falta e que solicite o alumnado.

O traballo e esforzo dos/as alumnos/as na elaboración da memoria de prácticas si ten reflexo na nota final da materia (15%), e o máis valorado nela non son os resultados numéricos e si “saíu” mellor ou peor. É o coidado na elaboración das gráficas, o xeito de facer os cálculos (que indique que se comprende o que se está a facer), o uso axeitado das unidades, a limpeza e claridade, etc. o que máis se valora.

As representantes de alumnado din que os seminarios e as expositivas foron feitos con moita rapidez. Dende logo, hai que aproveitar o tempo e cantos máis problemas se fagan nos seminarios moito mellor. Resulta desesperante facer só 4 ou 5 problemas sinxelos en sesións de dúas horas porque moitos/as alumnos/as non levan, como se lles indica, repasada a materia de expositivas, libros, apuntes, etc., para a consulta, ou que non levan calculadoras ou non saben facer logaritmos nelas. Isto lastra moitas veces a aqueles/as máis aplicados/as que levan o material repasado e dispoñen de consulta e fan as cousas medianamente rápido. O profesor debe manter un equilibrio entre lastrar aos/ás que están esperando a que outros/as terminen un problema, ou deixar a estes/as atrás e seguir avanzando. Estas diferenzas son moi notables nos grupos de seminarios nos que hai alumnos de Bioloxía e de Dobre Grao. No caso das expositivas, o profesor trata de cumprir o temario co tempo dispoñible. Dende logo a redución de horas expositivas ocorrido hai un par de cursos non fixo ningún favor á docencia impartida. Ademais quero amosar un pequeno detalle. O profesorado dispón de X horas expositivas segundo a ficha da materia presente na Memoria de Grao e así configura a duración aproximada dos temas de clase, como se nos esixe nas guías docentes. Sen embargo, a duración das sesións expositivas son 50'. Nunha materia como esta con 26 “sesións” expositivas, segundo o calendario académico, de 50' supón un total de 1300'. Se fosen realmente sesións de 60' serían 1560'. Hai unha diferenza de 260'. É dicir, temos realmente máis de 4 horas de menos (case un 17% de horas menos, recalco) que as que nos corresponderían realmente para impartir o temario. Isto sen ter en conta a redución de horas expositivas feita polo decanato (no meu caso de 30 a 26), xa mencionadas antes. Sempre se di que os/as profesores/as temos que adaptar o temario ao tempo dispoñible, pero ao mellor habería que revisar os calendarios académicos para que, mantendo as sesións de 50', o profesorado e o alumnado dispoña das horas docentes que lle corresponden.

En canto á enquisa só quero comentar a miña sorpresa pola diferenza de valoración entre grupos en canto á esixencia percibida na avaliación. Probablemente só

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2019-2020) Facultade de Bioloxía

conten neste apartado ao exame e non ás outras actividades avaliábeis. Pero en calquera caso, o profesorado sempre foi o mesmo para ambos grupos (un só profesor en expositivas e seminarios e dous nas prácticas, onde cada un corrixiu as prácticas que impartiu). Polo tanto, non sei a que atribuír esta diferenza nos grupos. Tal vez os/as alumnos/as de Dobre Grao, que están todos/as no grupo B, consideren máis “fácil” esta materia, dada a súa incipiente formación química, que os do Grao en Bioloxía.

O Coordinador de Segundo do Grao de Bioloxía

Fdo. Guillermo Covelo Artos

Terceiro Curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

Non se produciron incidencias de relevancia durante o semestre. O informe sobre a diferenza de cualificacións entre os diferentes grupos de Clases Expositivas, soamente revelou diferenzas significativas entre os grupos A e B para as materias Fisioloxía vexetal I e Fisioloxía Animal, aínda que está última está impartida polos mesmos profesores en ámbolos dous grupos. Desaparecen as diferenzas rexistradas en cursos anteriores na materia Xenética Evolutiva,


Debido ás restricións derivadas da situación sanitaria, non se realizaron reunións cos representantes de grupo. O informe enviouse por correo electrónico aos coordinadores das materias o día 19 de Maio de 2021. Non se recibiron comentarios dos coordinadores das materias con respecto aos resultados xerais das enquisas e os comentarios dos alumnos recollidos das enquisas.

RESULTADOS DAS ENQUISAS DE PERCEPCIÓN DO ALUMNADO


Se recolleron no mes de Xaneiro de 2020 un total de 49 enquisas, das que 14 correspondían ao Grupo A e 35 ao Grupo B. Este número é similar ao número de enquisas recollidas no curso 17/18 (57) e 18/19 (52). Destas, un total de 11 tiñan comentarios na sección Observacións e suxestións (3 no grupo A e 8 no grupo B).

Como se acordou en reunións previas cos coordinadores das materias de terceiro curso, para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta a preguntas 9 e 10, xa que están relacionadas co esforzo e non coa satisfacción xeral co desenvolvemento da materia. Tampouco se tiveron en conta os valores obtidos nas preguntas que tiveron menos dun 50% de respostas. A pesares de non existir diferenzas importantes na cualificacións entre os grupos para a maioría das materias, a valoración media dos items 1-8 foi maior no grupo A para todas as materias: Ecoloxía, (2,29 fronte a 2,11) Fisioloxía Animal (2,63 fronte a 2,36), Fisioloxía Vexetal (2,42 fronte a 2,36), Microbioloxía I (2,42 fronte a 2,23) e Xenética Evolutiva (2,38 fronte a 2,35). Prodúcese un descenso na valoración media de todas as materias en comparación cos resultados obtidos no curso 18/19.

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2019-2020) Facultade de Bioloxía



Media do resultado das enquisas de valoración para cada unha das materias. As medias calculáronse utilizando os resultados das preguntas 1 a 8. Para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta as preguntas con menos dun 50% de respostas (valor 0 ou branco).



Evolución da valoración xeral das materias (ítems 1-8) do primeiro cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Bioloxía nos cursos 17/18, 18/19 e 19/20, nos que se utilizou a mesma enquisa.


Os comentarios reflectidos nas enquisas coinciden en poucos aspectos. Diversas enquisas recollen comentarios xerais sobre a pouca utilidade das clases prácticas e seminarios (5), aínda que destas, 3 sinalan a excepción das prácticas de Microbioloxía. Comentan tamén que se produce unha maior carga de traballo ao final do cuadrimestre, e propoñen adiantar a teoría para deixar mais tempo para as prácticas

ao final do cuadrimestre (2 enquisas).

Valoración das materias.

Ecología I (Coordinador: Prof. Alejo Carballeira Ocaña)

Contestaron a enquisa un total de 47 alumnos para esta materia. A valoración media das respostas foi de 2,16 tendo en conta as preguntas 1-8 e 2,16 tendo en conta as preguntas 1-10. Non se considerou para a realización das medias o valor da pregunta 4, ao non acadar un 50% de respostas (en branco na figura).




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Nas enquisas aparecen dous comentarios puntuais sobre as prácticas de Ecología, onde se indica que os contidos son excesivos e que asúmense uns coñecementos e capacidades que moitos alumnos non teñen adquirido previamente.

Fisioloxía Animal I (Coordinadora Prof. Celia Pombo Ramos)

Contestaron a enquisa un total de 47 alumnos para esta materia. A media dos items 1-8 foi de 2,43, mentres que para os items 1-10 foi de 2,49. Non se tivo en conta o valor da pregunta 4 por non acadar o 50% de respostas (en branco na figura).




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Unha soa enquisa sinala solapamentos entre Fisioloxía Animal e Fisioloxía Animal comparada.

Fisioloxía Vexetal I (Coordinador: Prof. Javier Sampedro)

Contestaron a enquisa un total de 46 alumnos para esta materia. A valoración dos items 1-8 foi de 2,37, mentres que para os items 1-10 foi de 2,46. Neste caso

utilizáronse todos os datos para a realización das medias, xa que todas as preguntas acadaron un mínimo de 50% de respostas.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Non aparecen comentarios relacionados con esta materia nas enquisas dos alumnos.

Microbioloxía I (Coordinador: Prof. Juan Luís Barja)

Contestaron a enquisa un total de 48 alumnos para esta materia. A materia acadou unha puntuación media de 2,29 para os items 1-8 e 2,12 para os items 1-10. Non se tivo en conta a valoración da pregunta 4 por non acadar o 50% das respostas (en branco na figura). E salientable a baixa puntuación acadada nos items 9 e 10, sinalando a pouca carga de traballo da materia, que xa se producira en cursos anteriores.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.	47	3	6,82	21	47,73	20	45,45	3	6,38	2,39
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.	47	5	11,90	14	33,33	23	54,76	5	10,64	2,43
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.	47	11	78,57	3	21,43	0	0,00	33	70,21	1,21
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.	47	10	22,22	12	26,67	23	51,11	2	4,26	2,29
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.	47	23	54,76	14	33,33	5	11,90	5	10,64	1,57
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	47	15	34,88	17	39,53	11	25,58	4	8,51	1,91
8.- A docencia da materia mellora a miña formación	47	12	26,67	23	51,11	10	22,22	2	4,26	1,96
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)	47	1	2,22	30	66,67	14	31,11	2	4,26	2,29
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia	47	10	22,22	24	53,33	11	24,44	2	4,26	2,02
(1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana)	* Se suman respostas en branco y valoradas 0								Promedio 1-8	2,16
									Promedio 1-10	2,16

FISIOLOXÍA ANIMAL I	TOTAL ENQUISAS	MUY EN DESACUERDO				MUY DE ACUERDO		NO CONTESTA*		PROMEDIO
		1		2		3		nc		
		n	%	n	%	n	%	n		
1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.	47	0	0,00	11	29,73	26	70,27	10	21,28	2,70
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.	47	4	10,00	5	12,50	31	77,50	7	14,89	2,68
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.	47	6	15,38	12	30,77	21	53,85	8	17,02	2,38
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.	47	8	61,54	3	23,08	2	15,38	34	72,34	1,54
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.	47	17	43,59	8	20,51	14	35,90	8	17,02	1,92
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.	47	6	14,63	17	41,46	18	43,90	6	12,77	2,29
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	47	3	7,50	12	30,00	25	62,50	7	14,89	2,55
8.- A docencia da materia mellora a miña formación	47	3	7,32	16	39,02	22	53,66	6	12,77	2,46
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)	47	1	2,44	4	9,76	36	87,80	6	12,77	2,85
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia .	47	2	4,88	14	34,15	25	60,98	6	12,77	2,56
(1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana)	* Se suman respostas en blanco y valoradas 0								Promedio 1-8	2,43
									Promedio 1-10	2,49

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2019-2020) Facultade de Bioloxía

XENÉTICA EVOLUTIVA	TOTAL	MUY EN DESACUERDO				MUY DE ACUERDO		NO CONTESTA*		PROMEDIO
		1		2		3		nc		
		n	%	n	%	n	%	n		
1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.	45	3	10,34	10	34,48	16	55,17	16	35,56	2,45
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.	45	3	8,82	9	26,47	22	64,71	11	24,44	2,56
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.	45	2	5,88	9	26,47	23	67,65	11	24,44	2,62
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.	45	17	62,96	6	22,22	4	14,81	18	40,00	1,52
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.	45	1	50,00	0	0,00	1	50,00	43	95,56	2,00
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.	45	2	5,71	7	20,00	26	74,29	10	22,22	2,69
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	45	5	14,71	17	50,00	12	35,29	11	24,44	2,21
8.- A docencia da materia mellora a miña formación	45	4	11,11	12	33,33	20	55,56	9	20,00	2,44
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)	45	0	0,00	9	25,00	27	75,00	9	20,00	2,75
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia .	45	0	0,00	19	52,78	17	47,22	9	20,00	2,47
(1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana)	* Se suman respostas en branco y valoradas 0									
										Promedio 1-8 2,35
										Promedio 1-10 2,41

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2019-2020) Facultad de Biología

CUARTO

Grupo A

	Ecol III	Biol Mol	BVC	M Clin	Inmuno	Edafo	Fitopato	Neurobio	Parasito	Virolog	media	SD	CV%
P1	2,89	2,63	2,50	2,67	2,75	2,30	2,64	2,91	2,71	3,00	2,70	0,21	7,61
P2	2,95	2,34	2,46	2,54	2,67	2,40	2,68	2,64	2,65	2,94	2,63	0,21	7,83
P3	2,30	2,11	1,88	2,00	2,58	2,60	2,64	2,73	2,88	2,67	2,44	0,34	14,09
P4	1,95	1,43	2,00	1,80	2,00	2,00	2,50	0,00	2,00	2,60	1,83	0,72	39,46
P5	2,34	0,00	2,33	2,29	2,67	2,22	2,46	2,73	2,88	2,67	2,26	0,82	36,44
P6	2,48	2,55	2,25	1,95	2,45	2,33	2,26	2,50	2,29	2,29	2,34	0,17	7,44
P7	2,84	2,13	2,79	2,63	2,36	1,90	2,70	2,45	1,59	2,50	2,39	0,41	17,00
P8	2,57	2,76	2,29	2,67	2,73	2,20	2,39	2,82	2,65	2,67	2,57	0,21	8,13
P9	1,57	2,89	1,46	2,08	2,55	2,50	1,61	2,64	2,47	2,61	2,24	0,52	23,20
P10	1,37	2,68	1,29	1,75	2,27	1,80	1,43	2,36	1,94	2,44	1,93	0,49	25,31
media	2,54	2,28	2,31	2,32	2,53	2,24	2,54	2,68	2,45	2,67	2,46	0,16	6,50
SD	0,34	0,45	0,29	0,36	0,25	0,22	0,16	0,16	0,46	0,23			

Grupo B

	Ecol III	Biol Mol	BVC	M Clin	Inmuno	Edafo	Fitopato	Neurobio	Parasito	Virolog	media	SD	CV%
P1	2,84	2,39	2,75	2,83	2,83	2,60	2,71	2,94	2,73	2,95	2,76	0,17	6,05
P2	2,73	2,33	2,75	2,78	2,75	2,60	2,76	2,69	2,80	2,90	2,71	0,15	5,64
P3	2,30	2,47	1,94	2,04	2,08	2,67	2,47	2,63	2,80	2,65	2,40	0,30	12,45
P4	2,03	2,29	2,25	1,75	2,50	2,00	2,60	2,50	2,00	1,33	2,12	0,39	18,27
P5	2,42	0,00	2,60	2,91	2,67	2,67	2,41	2,50	2,47	2,55	2,32	0,83	35,72
P6	2,49	2,34	2,31	1,82	2,55	2,33	1,73	2,29	1,92	1,79	2,16	0,31	14,24
P7	2,76	1,76	2,81	2,68	2,55	2,00	2,65	2,50	1,67	2,21	2,36	0,42	17,82
P8	2,65	2,50	2,44	2,65	2,82	2,50	2,29	2,63	2,67	2,60	2,57	0,15	5,66
P9	1,75	2,94	1,25	2,09	2,42	2,67	1,53	2,38	2,60	2,60	2,22	0,55	24,80
P10	1,32	2,83	1,20	1,65	2,09	1,80	1,29	2,36	1,93	2,35	1,88	0,53	28,37
media	2,53	2,30	2,48	2,43	2,59	2,42	2,45	2,58	2,38	2,37	2,45	0,09	3,82
SD	0,27	0,25	0,30	0,48	0,24	0,28	0,33	0,19	0,45	0,56			



INFORME COORDINACIÓN 2º SEMESTRE GRAO EN BIOLOXÍA

Curso Académico: 2019-2020

Javier Iglesias Piñeiro
Guillermo Covelo Artos
Ana M^a Otero Casal
Francisco J. Salgado Castro

Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o __/__/____
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o __/__/____

Presentación	p. 3
Primeiro Curso	p. 3
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 3
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 7
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 7
Segundo Curso	p. 8
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS</i>	p. 8
<i>COMENTARIOS REALIZADOS POLOS/AS ALUMNOS/AS NO</i> <i>APARTADO “OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS” DA ENQUISA E</i> <i>REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 11
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 17
Terceiro Curso	p. 22
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 25
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 34
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 34
Cuarto Curso	p. 35
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 35
<i>REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 43
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 43
<i>Anexos</i>	p. 45

Presentación

Neste informe preséntanse os resultados das enquisas sobre a percepción que os alumnos teñen sobre a docencia recibida no segundo semestre do curso 2019-2020, na que a docencia pasou de formato presencial a non presencial debido á situación de pandemia causada pola COVID-19. Tamén se presentan os resumos das reunións mantidas entre cada un dos coordinadores de curso e os representantes de alumnos do devandito curso, así como os encontros feitos entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias de cada curso de grao. Os coordinadores para o segundo semestre do curso 2019-2020 foron:

- 1º curso: Dr. D. Javier Iglesias Piñeiro
- 2º curso: Dr. D. Guillermo Covelo Artos
- 3º curso: Dra. Dña. Ana Mª Otero Casal
- 4º curso: Dr. D. Francisco Javier Salgado Castro (provisionalmente)


Primeiro curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS


Debido á situación de pandemia, que levou a unha situación de estado de alarma e confinamento entre o 15 de marzo e o 21 de xuño de 2020 que afectou notablemente á docencia no segundo semestre, fixéronse dúas enquisas: A habitual de todos os anos e unha enquisa enfocada a coñecer o impacto na docencia pola situación xerada pola COVID-19. A continuación preséntanse os resultados de ámbalas dúas enquisas en primeiro curso do Grao en Bioloxía.

ENQUISA HABITUAL


Neste caso preséntanse os datos agregados (é dicir, sen separar en grupos A e B) referidos á valoración global das materias. Como se pode ver na Figura existente a continuación, tendo en conta soamente para o cálculo das medias os 8 primeiros items, as materias mellor valoradas do segundo semestre foron Biofísica (2.57, n= 26), Técnicas Básicas (TBB; 2.53, n=25) e Bioloxía dos Tecidos e Órganos (2.58, n=31), namentres que as que obtiveron unha valoración máis baixa foron Bioestatística (2.33, n=27) e sobre todo Química (2.05, n=26). Non obstante, tal e como se pode ver, o feito de necesitar facer as enquisas online fixo que o número de enquisas cubertas fose máis pequeno que en cursos previos.



En canto a valoración dos diferentes items da enquisa en cada materia, tal e como amosa a seguinte figura no caso de Biofísica o item peor valorado é o 5 (clases prácticas); no caso de Química os items 1 (axuste á guía docente), 4 (titorías), 6 (seminarios) e 7 (nivel esixido na avaliación); no caso de Técnicas básicas os items 3 (redundancias) e 4 (titorías); no caso de Biotestatística o item 7 (nivel esixido na avaliación); e finalmente no caso de Bioloxía de Tecidos e Órganos os items 4 (titorías) e 6 (seminarios). O maior problema detectado polos alumnos foi o nivel de avaliación na materia de Química polo que amosan as enquisas.




En canto a valoración dos nivel de esforzo/dedicación e número de horas de traballo persoal que supón cada materia (items 9 e 10, respectivamente) tal e como amosa a seguinte figura, as materias que máis esforzo supuxeron para os estudantes foron Química e Bioloxía dos Tecidos e Órganos, e a que menos Técnicas Básicas. Nunha situación intermedia se atopan Bioestadística e Biofísica.




ENQUISA ESPECÍFICA DO SEGUNDO SEMESTRE POLO PERIODO DE PANDEMIA E O CONFINAMIENTO CAUSADO POLA COVID-19

Neste caso preséntanse os datos agregados (é dicir, sen separar en grupos A e B) referidos á valoración global das materias para a segunda das enquisas. Como se pode ver na Figura inferior, tendo en conta para o cálculo das medias os 10 items da enquisa, as materias mellor valoradas do segundo semestre foron Biofísica (2.54 ± 0.32 , $n=23$), Bioloxía dos Tecidos e Órganos (2.34 ± 0.20 , $n=28$), Técnicas Básicas (TBB; 2.14 ± 0.28 , $n=20$), namentres que as que obtiveron unha valoración máis baixa foron Química (2.07 ± 0.23 , $n=22$) e sobre todo Bioestadística (1.93 ± 0.26 , $n=25$). Non obstante, tal e como se pode ver, o feito de necesitar facer as enquisas online fixo que o número de enquisas cubertas fose pequeno. Polo tanto, Química e sobre todo Bioestadística foron as materias do segundo semestre de primeiro que máis problemas tiveron de acordo coas enquisas dos estudantes.



En canto a valoración de cada item da enquisa para cada materia, os datos analizados máis polo miúdo parecen indicar que no caso de Biofísica o maior dos problemas foi o tema das prácticas. Neste sentido coincidiu con outra materia eminentemente práctica, como é Técnicas Básicas, xa que a valoración do item 7 (“A adaptación das prácticas no laboratorio/campo por outras actividades permitiron que a aprendizaxe non se vira afectada”) foi baixa, xunto ca do item 10 (“A modalidade de traballo remoto permitíume acadar un grao de comprensión da materia similar ao da modalidade presencial”). As que presentaron puntuacións máis baixas nun maior número de items foron Química e sobre todo Bioestatística. No caso de Química recibiron baixas puntuacións os items 1 (“Tendo en conta todas as limitacións, tanto pola parte dos estudantes como dos profesores, creo que a adaptación a remoto na docencia nesta materia foi boa”), 4 (“O material subministrado na aula virtual (presentacións con e sen son, apuntamentos, ...) facilitáronme a adquisición dos coñecementos e o seguimento da materia”), 5 (“As actividades deseñadas para a docencia virtual (cuestionarios, tarefas, traballos, ...) foron útiles para o seguimento da materia e facilitaron a miña aprendizaxe autónoma”) e 6 (“As clases impartidas en directo (MS Teams, Zoom, Skype, etc), ben expositivas ou ben interactivas, foron de utilidade e facilitaron a aprendizaxe da materia”). En canto a Bioestatística, recibiron baixas puntuacións os items 1 (“Tendo en conta todas as limitacións, tanto pola parte dos estudantes como dos profesores, creo que a adaptación a remoto na docencia nesta materia foi boa”), 2 (“Durante o período de confinamento a comunicación co profesorado da materia foi fluída”), 3 (“As modificacións da guía docente, como consecuencia do cambio á docencia remota, estiveron en sintonía coas circunstancias e foron comunicadas en tempo e forma ao alumnado”), 5 (“As actividades deseñadas para a docencia virtual (cuestionarios, tarefas, traballos, ...) foron útiles para o seguimento da materia e facilitaron a miña aprendizaxe autónoma”), 6 (“As clases impartidas en directo (MS Teams, Zoom, Skype, etc), ben expositivas ou ben interactivas, foron de utilidade e facilitaron a aprendizaxe da materia”) e 10 (“A modalidade de traballo remoto permitíume acadar un grao de comprensión da materia similar ao da modalidade presencial”).



1. “Tendo en conta todas as limitacións, tanto pola parte dos estudantes como dos profesores, creo que a adaptación a remoto na docencia nesta materia foi boa”.

Informe Coordinación 2º semestre (curso 2019-2020) Facultade de Bioloxía

2. "Durante o período de confinamento a comunicación co profesorado da materia foi fluída".
3. "As modificacións da guía docente, como consecuencia do cambio á docencia remota, estiveron en sintonía coas circunstancias e foron comunicadas en tempo e forma ao alumnado".
4. "O material subministrado na aula virtual (presentacións con e sen son, apuntamentos, ...) facilitáronme a adquisición dos coñecementos e o seguimento da materia".
5. "As actividades deseñadas para a docencia virtual (cuestionarios, tarefas, traballos, ...) foron útiles para o seguimento da materia e facilitaron a miña aprendizaxe autónoma".
6. "As clases impartidas en directo (MS Teams, Zoom, Skype, etc), ben expositivas ou ben interactivas, foron de utilidade e facilitaron a aprendizaxe da materia".
7. "A adaptación das prácticas no laboratorio/campo por outras actividades permitiron que a aprendizaxe non se vira afectada".
8. "Habilitáronse canles virtuais de comunicación (foros, MS-Teams, Zoom, Skype, etc) para as titorías".
9. "Empreguei as titorías virtuais e estas foron de utilidade".
10. "A modalidade de traballo remoto permitíume acadar un grao de comprensión da materia similar ao da modalidade presencial".

REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Non houbo reunión cos representantes dos alumnos neste semestre

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DE MATERIAS

Non houbo reunión cos coordinadores de materia neste semestre

O Coordinador de Primeiro

Fdo. Javier Iglesias Piñeiro

Segundo Curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

Enquisa habitual/1ª Enquisa

En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (cumprimento das actividades reflectidas na guía docente e cumprimento do temario, respectivamente), amosan resultados favorables (por enriba de 2 en tódolos casos, e nalgúns rozando (ou acadando) o 3, como Zooloxía II) para tódalas materias, agás en Botánica II e no grupo A de Bioxeoquímica (para a pregunta 1). Este último caso é rechamante porque hai diferenzas importantes (0,58 e 0,42 puntos, preguntas 1 e 2, respectivamente) entre grupos. No resto das materias as diferenzas entre grupos son menores, e obsérvase unha tendencia xeral a maiores valoracións sempre no grupo B.

No apartado 3 (solapamentos e redundancias de contidos), os resultados mostran valoracións tamén por enriba de 2 en tódalas materias, e mesmo de 2,5, salvo en Bioxeoquímica e Xenética II (ambas no grupo A). As diferenzas entre grupos están por debaixo dos 0,3 puntos agás en Bioxeoquímica (0,34 puntos, de novo máis alta no grupo B).

A valoración no apartado 4 (titorías) é en xeral máis baixa que as anteriores e tamén suma bastantes menos respostas (no grupo B) en tódalas materias. Non así no grupo A, onde as respostas son pouco inferiores ao número total de enquisas. É un dato curioso, o alumnado do grupo A fixo máis uso das titorías que o do B en tódalas materias? Onde se obtén unha maior puntuación global neste apartado é no grupo B de Zooloxía II (2,40), cunha importante diferenza de valoración entre grupos (0,4 puntos). No resto de materias só se alcanza o 2 no grupo A de Bioxeoquímica e Zooloxía II, aínda que moitas están preto deste valor, coa excepción de Botánica II, que mesmo no mellor caso (grupo A) só alcanza 1,63 (1,25 no grupo B).

As prácticas de laboratorio/campo (pregunta 5) baixan en valoración con respecto a cursos precedentes, o que sen dúbida é consecuencia da situación de docencia telemática que ocorreu durante a maior parte do cuadrimestre. Tamén é de destacar a absoluta homoxeneidade das valoracións nos dous grupos en 3 das materias. Zooloxía II é a que logra unha maior valoración neste ítem (2,64 nos dous grupos), seguida por Xenética II (2,20 nos dous grupos). No caso de Bioxeoquímica si que hai diferenza apreciable entre grupos (2 no grupo A e 2,33 no grupo B). Obtén peor nota Botánica II, que non acada o 2 (1,54 nos dous grupos). Mención aparte merece o caso de Bioquímica II. Esta materia non ten prácticas de laboratorio na súa guía docente (e polo tanto, tampouco tivo necesidade de adaptación neste apartado durante o confinamento). Sen embargo, 13 alumnos/as no grupo A e 3 no B (dun total de 29 enquisas cubertas) valoraron este apartado, o cal non ten lóxica xa que debería

deixarse en branco ou marcar 0. Coma noutras ocasións teño reflectido nestes informes, isto faime dubidar da utilidade, veracidade ou, como mínimo, do criterio seguido por algúns/has alumnos/as para cubrir estas enquisas.

A valoración máis alta no apartado da utilidade dos seminarios (pregunta 6) a teñen Zooloxía II (2,57) e Xenética II (2,50), ambas no grupo B. Mentres en Xenética II a diferenza co A non é alta (0,14 puntos), si que o é no caso de Zooloxía II (0,57 puntos). Tamén chama a atención que nesta última só contestaron 7 de 14 no grupo A e 6 de 15 no B. Segundo a guía docente da materia si hai seminarios, pero descoñezo como foi a adaptación á docencia durante o confinamento. En Xenética II tamén hai unha lixeira baixada de respostas neste *ítem*, aínda que menos acusada. En Bioquímica II apenas hai variación de valoración neste apartado, en torno a 2,20 nos dous grupos, respondendo todos/as os que cubriron a enquisa. En Bioxeoquímica as valoracións foron máis baixas e con notables diferenzas entre grupos (1,45 no grupo A e 2,09 no B). No caso de Botánica II ocorre a mesma situación que na anterior pregunta con Bioquímica II. Esta materia non ten seminarios na súa guía docente, sen embargo aparece con 6 valoracións no grupo A e 3 no B (dun total de 29 alumnos/as que contestan a enquisa). Polo tanto, as puntuacións (moi baixas) aquí obtidas non deberían terse en consideración, aínda que dada a natureza do cálculo da valoración media (preguntas 1 a 8) para todas as materias, si que conta.

A valoración sobre o nivel de esixencia percibido na avaliación (pregunta 7) indica que en Zooloxía II (2,93 e 3 nos grupos A e B, respectivamente) parece haber un grao máximo de satisfacción por parte dos/as alumnos/as. Tamén é moi elevado no caso de Bioquímica II (2,57 e 2,53, grupos A e B, respectivamente) e en Bioxeoquímica (2,33 en ambos grupos). Nun chanzo lixeiramente inferior está o caso de Xenética II, xa que a valoración é de 2,23 e 2,17 (grupos A e B, respectivamente). Pola contra, o alumnado mostra o seu descontento coa avaliación de Botánica II (1,54 e 1,90, grupos A e B, respectivamente), sendo tamén a única materia que mostra diferenzas (moi notables) na valoración entre grupos.

A materia globalmente mellor valorada, dun xeito destacado do resto, na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*) é Zooloxía II (2,93 e 2,80 nos grupos A e B, respectivamente), cunha importante vantaxe con respecto ao resto. Nun segundo chanzo están Bioquímica II (2,57 e 2,53 nos grupos A e B, respectivamente) e Xenética II (2,31 e 2,54 nos grupos A e B, respectivamente), e algo máis atrás, Bioxeoquímica (1,83 e 2,25 nos grupos A e B, respectivamente). Esta última é a que ten maiores discrepancias entre grupos. De novo, Botánica II está máis distanciada con peores resultados (1,17 e 1,20 nos grupos A e B, respectivamente).

As materias que se destacan co maior nivel de esforzo polos/as alumnos/as (pregunta 9) son Xenética II e Bioquímica II, que reciben un 2,92 nos dous grupos a primeira, e 2,79 no grupo A e

2,93 no B, a segunda. Como vemos, con poucas ou ningunha diferenzas de valoración entre grupos. Nun seguinte chanzo está Zooloxía II (2,29 e 2,40, grupos A e B, respectivamente), onde tampouco hai diferenzas destacables entre os dous grupos. Finalmente, o grao de esforzo foi similar en Bioxeoquímica e Botánica II. Na primeira o resultado é de 1,92 no grupo A e 2,17 no B, mentres que na segunda é de 2 e 1,8 (grupos A e B, respectivamente). Nestas dúas materias as diferenzas entre grupos son algo maiores que nas outras materias. Curiosamente, a materia que requiriu menor esforzo, segundo os/as estudantes (Botánica II) é a que tamén peor valoran no apartado de adecuación da avaliación (pregunta 7).

Os resultados da pregunta 10 (*Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia*) reflicten as valoracións da pregunta anterior. De novo, a materia de Bioquímica II (3 grupo A e 2,73 grupo B) é a destacada, con certas diferenzas entre grupos. Ademais, na pregunta anterior, curiosamente, a valoración é maior no grupo B que no A, cando máis ou menos se analiza o mesmo en ambas preguntas. Non moi lonxe dos datos anteriores está Xenética II (2,77 e 2,38, grupos A e B, respectivamente), onde si é destacable a diferenza entre grupos. Máis acentuadas son estas diferenzas no caso de Zooloxía II, xa que no grupo A a valoración é de 2 e 2,5 no B, cando na pregunta 9 estas diferenzas son mínimas. No entorno de 2 se atopa Bioxeoquímica (1,75 no A e 2,25 no B), e de novo cunha acusada diferenza entre os dous grupos. Nestas dúas materias parece que se empregaron moitas máis horas de traballo no grupo B que no A, tendencia que é a inversa no caso de Bioquímica II e Xenética II. Para rematar, e xa cuns valores moi homoxéneos entre grupos e moi inferiores ao resto de materias, temos Botánica II, cuns números de 1,62 e 1,56 (grupos A e B, respectivamente).

Quero destacar que nas últimas 4 preguntas, o número de respostas en cada materia é bastante dispar. Mentres que en Bioquímica II as contestaron todos/as en ambos grupos, no resto de materias hai bastantes diferenzas. En Zooloxía II respondéronas todos/as no grupo A e 5 alumnos/as menos no B. No caso de Xenética II, só hai unha diferenza dunha resposta respecto ao total, no grupo A e de 2 no B. Algo parecido ocorre en Bioxeoquímica (2 respostas menos no grupo A e 3 no B). Para Botánica II o patrón varía entre as diferentes preguntas, pero se aprecia unha notable baixada de respostas a estes *ítems* no grupo B.

ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENROLO DAS MATERIAS

CURSO 2019-20. 2º CUADRIMESTRE.

Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.


Apartados da enquisa:

- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenrolo da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenrolo da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenrolo da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas.
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación.
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que cres que esixe a materia (**1 baixo, 2 medio, 3 alto**).
- 10.- Indica o número aproximado de horas semanais de **traballo persoal** necesarias para a superación da materia (**1:** < 3 horas/semana, **2:** 3-6 horas/semana, **3:** > 6 horas/semana).


A continuación preséntanse gráficas e táboas resumo cos resultados da enquisa. As valoracións medias realízanse coas puntuacións numéricas de 1 a 3, descartando os 0, xa que significan “non procede”. A valoración media final da materia realízase sen ter en conta as preguntas 9 e 10.

GRÁFICAS E TÁBOAS CORRESPONDENTES Á PRIMEIRA ENQUISA


BOTÁNICA II. Media: G. A: 1,48; G. B: 1,54




ZOOLOXÍA II. Media: G. A: 2,75; G. B: 2,64




XENÉT. II. Media: G. A: 2,28; G. B: 2,40



BIOQUÍMICA II. Media: G. A: 2,30; G. B: 2,32



BIOXEOQUÍ. Media: G. A: 1,96; G. B: 2,29



Número de enquisas cubertas (non se cobren sempre todas as preguntas):

Grupo A: 14

Grupo B: 15

Segunda enquisa (específica COVID-19)

Como se indicou arriba, esta segunda enquisa tiña como obxectivo a valoración por parte do alumnado da docencia recibida durante o estado de confinamento e a súa adaptación a esta situación. Á vista dos resultados parece que hai tres grupos de materias ben diferenciados. Por un lado, a Zooloxía II foi a que logrou a maior valoración do alumnado en practicamente tódolos *ítems* e colleitou a maior valoración media en ambos grupos. Isto reflíctese tamén nos comentarios das enquisas, xa indicados arriba. As valoracións son moi homoxéneas en ambos grupos nas preguntas 1-4 e 6 (acadándose, en calquera caso unha puntuación de 3 ou próxima), e con lixeiras diferenzas nas preguntas 5, 8 e 10. As diferenzas entre grupos son algo máis notables nas preguntas 7 (*A adaptación das prácticas no laboratorio/campo por outras actividades permitiron que a aprendizaxe non se vira afectada*) e 9 (*Empreguei as titorías virtuais e estas foron de utilidade*), aparecendo en ambos casos peor valoradas no grupo B (as peores valoracións da materia, aínda así sendo 1,90 e 2, respectivamente).

No lado contrario das valoracións temos a Botánica II, que acada en ambos grupos valoracións medias pouco superiores a 1. En canto ás diferenzas entre grupos, destacan as preguntas 6 (*As clases impartidas en directo (MS Teams, Zoom, Skype, etc, ben expositivas ou ben interactivas, foron de utilidade e facilitaron a aprendizaxe da materia.*) e 7 (*A adaptación das prácticas no laboratorio/campo por outras actividades permitiron que a aprendizaxe non se vira afectada.*), onde ás valoracións do grupo B son notablemente superiores ás do grupo A, aínda que cabe dicir que só 5 alumnos/as do grupo A contestaron (valoración de 1 a 3) estas dúas preguntas e no grupo B só hai unha resposta á pregunta 6 e 9 á pregunta 7. En definitiva, como tamén se indica nos comentarios do alumnado, esta materia foi a que tivo unha peor adaptación á docencia virtual durante o confinamento.

Nun termo medio temos ás outras 3 materias do cuadrimestre, pero destaca nun chanzo algo superior Xenética II, con valoracións medias moi homoxéneas e altas (2,37 e 2,38), e que salvo na pregunta 7 (*A adaptación das prácticas no laboratorio/campo por outras actividades permitiron que a aprendizaxe non se vira afectada.*), con valoracións de 1,82 e 2 (grupos A e B, respectivamente), tódalas demais preguntas teñen valoracións medias por riba de 2 en ambos grupos. Ademais, non se perciben diferenzas destacables entre grupos nas valoracións de ningunha pregunta.

En canto ás outras dúas materias, os resultados xerais son moi similares. En Bioquímica II destacan as baixas valoracións nas preguntas 1 (*Tendo en conta todas as*

limitacións, tanto pola parte dos estudantes como dos profesores, creo que a adaptación a remoto na docencia nesta materia foi boa.), 6 (*As clases impartidas en directo (MS Teams, Zoom, Skype, etc, ben expositivas ou ben interactivas, foron de utilidade e facilitaron a aprendizaxe da materia.*) e 7 (*A adaptación das prácticas no laboratorio/campo por outras actividades permitiron que a aprendizaxe non se vira afectada.*). Como no caso arriba mencionado de Botánica II, estas dúas últimas preguntas foron contestadas de xeito efectivo por moi poucos/as alumnos/as. Pero hai que destacar que esta materia non ten prácticas de laboratorio na súa programación docente, e aínda así houbo 3 estudantes en cada grupo que marcaron un valor entre 1 e 3 na enquisa, o cal non ten sentido. Nesta materia, as diferenzas entre grupos máis destacables están nas preguntas 2 (*Durante o período de confinamento a comunicación co profesorado da materia foi fluída.*), onde no grupo A se obtén un 2,62 e no B un 2,27, e na 9 (*Empreguei as titorías virtuais e estas foron de utilidade.*), onde no grupo A se obtén un 2,00 e no B un 1,67. No resto de preguntas as diferenzas entre grupos non son pouco destacables, aínda que se pode indicar o caso das preguntas 4 e 10, onde hai unha variación en torno aos 0,20 puntos, sempre maiores no grupo A que no B, igual que nos casos anteriores.

No caso de Bioxeoquímica, a tendencia que se observa é contraria á anterior, obténdose, de modo xeral, maiores valoracións no grupo B que no A. De feito, salvo no caso de Xenética II, que ten practicamente a mesma valoración global en ambos grupos, as 3 restantes teñen sempre maior valoración no grupo A que no B, tanto na maioría das preguntas individuais coma na valoración global media. Volvendo a Bioxeoquímica, na pregunta de carácter xeral 1 (*Tendo en conta todas as limitacións, tanto pola parte dos estudantes como dos profesores, creo que a adaptación a remoto na docencia nesta materia foi boa.*) a valoración acada un nivel medio, como en Bioquímica II, solo superiores ao obtido en Botánica II (valorada coa peor nota neste ítem). Destacan as diferenzas entre grupos nas preguntas 5, 6, 7 e 10, que nalgún caso superan os 0,6 puntos. Coma noutras materias o número de respostas ás preguntas 6 e 9 é inferior ao do resto de preguntas. Na pregunta 9 pode ter sentido, ao tratarse do uso das titorías, que non tódolos/as alumnos/as teñen empregado, pero na pregunta 6 (*As clases impartidas en directo (MS Teams, Zoom, Skype, etc, ben expositivas ou ben interactivas, foron de utilidade e facilitaron a aprendizaxe da materia.*) non se sabe se non houbo deste tipo de clases (en cuxo caso as respostas deberían ser todas 0), ou que si as houbo pero moitos/as non puideron conectarse, ou que realmente, si puideron conectarse e a valoración é realista coa súa utilidade.

De todo isto pódese deducir que as materias que lograron unha mellor adaptación da docencia á situación de confinamento vivida neste cuadrimestre foron Zooloxía II e Xenética II, e a que non conseguiu unha adaptación medianamente satisfactoria foi Botánica II.

**ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENROLO DAS MATERIAS NA
SITUACIÓN CAUSADA POLA COVID-19
CURSO 2019-20. 2º CUADRIMESTRE.**

Instrucións para responder á enquisa.

Nesta enquisa o que se trata é de que valoredes especificamente a docencia en remoto posterior ao confinamento; é dicir, a diferenza da anterior céntrase exclusivamente na docencia en remoto dende o inicio do estado de alarma. Ao igual ca anterior enquisa, posteriormente teredes que seleccionar o grupo (A ou B) de docencia expositiva ao cal estades adscritos.

Finalmente, haberá un apartado de observacións e suxestións onde se recomenda que poñades soamente o que consideredes máis importante, sexa positivo ou negativo, que non quede reflectido no resto das preguntas. Lembra de que, aínda que anónimas, os comentarios feitos nas enquisas representan a todos os alumnos como colectivo.

Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.


Apartados da enquisa:

- 1.- Tendo en conta todas as limitacións, tanto pola parte dos estudantes como dos profesores, creo que a adaptación a remoto na docencia nesta materia foi boa.
- 2.- Durante o período de confinamento a comunicación co profesorado da materia foi fluída.
- 3.- As modificacións da guía docente, como consecuencia do cambio á docencia remota, estiveron en sintonía coas circunstancias e foron comunicadas en tempo e forma ao alumnado.
- 4.- O material subministrado na aula virtual (presentacións con e sen son, apuntamentos, ...) facilitáronme a adquisición dos coñecementos e o seguimento da Materia.
- 5.- As actividades deseñadas para a docencia virtual (cuestionarios, tarefas, traballos, ...) foron útiles para o seguimento da materia e facilitaron a miña aprendizaxe Autónoma.
- 6.- As clases impartidas en directo (MS Teams, Zoom, Skype, etc), ben expositivas ou ben interactivas, foron de utilidade e facilitaron a aprendizaxe da materia.
- 7.- A adaptación das prácticas no laboratorio/campo por outras actividades permitiron que a aprendizaxe non se vira afectada.
- 8.- Habilitáronse canles virtuais de comunicación (foros, MS-Teams, Zoom, Skype, etc) para as titorías.
- 9.- Empreguei as titorías virtuais e estas foron de utilidade.
- 10.- A modalidade de traballo remoto permitíume acadar un grao de comprensión da materia similar ao da modalidade presencial.


A continuación preséntanse gráficas e táboas resumo cos resultados da enquisa. As valoracións medias realízanse coas puntuacións numéricas de 1 a 3, descartando os 0, xa que significan “non procede”. A valoración media final da materia realízase contando todas as preguntas.

GRÁFICAS CORRESPONDES Á SEGUNDA ENQUISA


BOTÁNICA II. Media: G. A: 1,22; G. B: 1,11




ZOOLOXÍA II. Media: G. A: 2,85; G. B: 2,70



XENÉT. II. Media: G. A: 2,37; G. B: 2,38




BIOQUÍ. II. Media: G. A: 1,93; G. B: 1,79



Número de enquisas cubertas (non se cobren sempre todas as preguntas):
 Grupo A: 13
 Grupo B: 15

BIOXEOQUÍ. Media: G. A: 1,86; G. B: 2,10



COMENTARIOS REALIZADOS POLOS/AS ALUMNOS/AS NO APARTADO “OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS” DA ENQUISA E REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Este informe é o resultado das opinións enviadas por correo electrónico o 20/07/2020 polas representantes de alumnos/as de 2º curso **Ainé Francos Golán** (grupo A) e **Mariña Rodríguez Arrizabalaga** (grupo B), e da revisión das enquisas de percepción do desenrolo das materias cubertas polos/as alumnos/as de 2º (un total de 14 do grupo A e 15 do grupo B) e doutra enquisa específica motivada pola situación de confinamento vivida (un total de 13 do grupo A e 15 do grupo B), ambas telemáticas. Sen embargo, a maior parte dos comentarios do alumnado na primeira enquisa tamén se relacionan coa situación de confinamento e supresión da docencia presencial, polo cal, serán expostos aquí sen referencia á enquisa en que foron emitidos (mesmo hai comentarios repetidos en ambas enquisas). Inclúense tamén os resultados de valoración numérica das materias realizadas nas citadas enquisas.

Comézase reflectindo algunhas cuestións xerais do desenrolo do curso e puntos para mellorar, segundo as apreciacións dos/as alumnos/as no apartado de observación e suxestións.

Cuestións xerais

Reprodúcese literalmente un comentario xeral dun/ha alumno/a do grupo B sobre a docencia durante o confinamento:

Como suxerencias de cara a unha nova posible docencia virtual:

1. *Axustarse o máximo posible ao programa establecido, de cara a un mellor seguimento da materia, comprensión e traballo da mesma. En parte das materias, a adaptación do programa á situación de confinamento consistiu na simple eliminación de materia, en lugar do impartimento da mesma, o que supón unha clara perda de coñecemento e preparación do estudiantado, de cara a anos e cursos posteriores.*

2. *A preparación do profesorado a novas tecnoloxías e metodoloxías de ensino (como as clases virtuais por medios como Teams). Comparando as asignaturas nas que sí se levaron a cabo clases en directo virtuais por medios como Teams, coas que non levaron esas clases virtuais a por cabo, personalmente penso que adquirirán un notablemente maior coñecemento e formación nas primeiras que nas segundas; supoñen ademais un apoio fundamental na preparación da materia.*

Por outra banda, no grupo A un/ha estudante amosa as súas críticas á docencia práctica telemática, que creo tamén comparte o profesorado: *Las prácticas son muy relevantes para nuestra aprendizaje, y las adaptaciones telemáticas no son suficiente.*

Nun ámbito que imaxino estará afectado pola situación do confinamento e a adaptación posterior da avaliación, un/ha estudante do grupo B apunta o seguinte: *Deberían fomentar la evaluación continúa y no los exámenes, las asignaturas de segundo fueron prácticamente todos examen, pudiendo hacer perfectamente actividades para la evaluación continua.*

Finalmente, tamén se produciron críticas ao modelo de enquisas: *Sobre a enquisa: a gradación "moi en desacordo", "de acordo" e "moi de acordo" dá pouca marxe.*

A continuación relátanse os comentarios máis habituais detallados por materias.

Bioquímica II

Os únicos comentarios, a continuación reproducidos, referentes a esta materia foron presentados polas representantes de alumnos/as xa que non hai referencias nas enquisas. Parece que has maiores críticas aparecen na docencia virtual que non se puido adaptar á docencia *online*.

Docencia: clases expositivas realmente útiles. Durante a corentena non houbo clases, pero estaba toda a información dispoñible no campus virtual e estivo sempre atento a correos con dúbidas. Parte do alumnado pensa que as clases online (sobre todo nalgúns temas) poderían resultar de gran axuda.

Seminarios: útiles para practicar e entender a teoría explicada máis expositivas. Os temas propostos para debater moi interesantes e, dado que a pandemia impediu realizalos presencialmente, creouse unha Wiki no campus virtual; foi unha alternativa magnífica.

Exame: moi ben adaptado á situación; compensouse a ausencia de clases online.

Xenética II

O mesmo ocorre con Xenética II, onde non se teñen reportado comentarios ou observacións nas enquisas. Neste caso, as críticas van encamiñadas a diversas problemáticas no exame, mentres que a parte docente non suscitou maiores problemas, salvo certos problemas co “trato” que percibiron os/as alumnos/as.

Docencia: boa docencia tanto nas expositivas como durante a corentena. Sempre atenta aos correos con dúbidas; non obstante, tivo un trato “impetuoso” ou “agresivo” co alumnado cando tratamos de expoñerlle a situación na que nos atopabamos.

Seminarios: bastante útiles porque son exercicios que axudan a comprender a materia.

Prácticas: un pouco liosas porque son conceptos difíciles de entender online, pero a profesora moi correcta e atenta ás dúbidas e ás correccións.

Exame: a primeira oportunidade incluíu conceptos moi concretos da asignatura, ademais de que o tempo foi extremadamente xusto. Fíxose un simulacro, o cal estaría ben se se adaptase á realidade do exame; pola contra, o exame non foi semellante ao simulacro. Cando pouco antes do exame nos comentou como ía ser o mesmo, nós escribímoslle tentando explicarlle que era algo inviable por diversos motivos e obtivemos unha resposta moi radical.

Zooloxía II

Esta materia só recolle eloxios e parabéns do alumnado en tódolos apartados. Aquí se reproducen os transmitidos polas representantes, pero na enquisa hai un comentario en cada grupo, máis curtos e xenéricos, na mesma liña.

Exame: moi adecuado á situación; ofreceron diferentes posibilidades para adaptarse ás diferentes situacións do alumnado.

Prácticas: moi útiles e amenas, interesantes. Serviron para poder observar moitos aspectos teóricos das clases expositivas e reforzar a aprendizaxe.

Segundo A

Docencia: expositivas magníficas; case todo o alumado coincide en que tanto nas clases expositivas como nas clases online foi un profesor excepcional e atento, cuxas clases

foron todas unha marabilla. Proporcionou moitísimo material co que puidemos aprender e obter información esencial para a nosa formación.

Segundo B

Docencia: magnífica tanto presencial como online. Adaptouse á situación moi ben usando recursos audiovisuais para reemprazar as expositivas.

Bioxeoquímica

Con respecto a Bioxeoquímica, recolléronse comentarios tanto das representantes como en dúas enquisas do grupo B. Estes últimos son algo máis críticos coa adaptación á docencia non presencial, o material aportado polo profesorado en corentena e á carga de traballo.

Docencia: moi boa durante as expositivas. Na corentena non houbo clases, pero si houbo varias reunións en Teams para resolver dúbidas, así como nos proporcionaron diversos recursos con información. Foi unha asignatura na que se requiriu moito traballo debido á memoria de prácticas,

aos seminarios online e outros exercicios, pero na súa maioría estivo reflectido na nota final.

Prácticas: non se puido rematalas, pero resolveron o “problema” proporcionándonos información necesaria para entendelas e para realizar a memoria de prácticas. As profesoras sempre atentas a calquera dúbida.

Exame: exame moi adecuado á situación, xa que foi asíncrono e con exercicios moi semellantes aos xa realizados na clase.

Comentarios das enquisas no grupo B:

-Durante a docencia remota en bioxeoquímica a cantidade de traballo a realizar era excesivamente elevada.

-A adaptación da docencia a remoto en Bioxeoquímica desaxustou o temario que quedaba por dar: adicouse un tempo desproporcionado (e unha carga de traballo excesiva) a certos apartados (por exemplo, a capa de ozono), e moi pouco a outros. Os materiais tampouco foron de moita utilidade para a aprendizaxe: unha mestura de datos numéricos e curiosidades, con conceptos espallados polo medio.

Botánica II

Esta materia foi a que máis queixas recolleu por parte do alumnado, tanto da parte presencial como da adaptación (inexistente, segundo os/as estudantes) ao confinamento.

Inclúense primeiro as aportacións das representantes e finalmente dous comentarios das enquisas do grupo B.

Docencia: o profesor que puido dar clases expositivas non era bo comunicador, a pesar das boas intencións. Foron clases pouco amenas e produtivas e mal organizadas, con presentacións nada claras e que deberían de mellorarse.

Do profesor que lle correspondía a segunda parte da materia non sabemos nada, nunca se comunicou con nós (só esporadicamente a través do profesor da primeira parte da materia). As presentacións que se nos proporcionaron son practicamente inútiles sen clases adicionais (presenciais ou online).

Durante a corentena non houbo clase ningunha, mais a parte da materia que non se explicou presencialmente non entrou no exame; non obstante, estamos descontentos/as porque necesitamos máis información sobre esa parte da asignatura para poder formarnos adecuadamente.

Tardamos moito en ter noticias desta asignatura durante a corentena. Houbo un informe a decanato debido a isto, ao cal nos respondeu o decanato e os profesores con intención de solucionar o problema da falta de comunicación. Unha vez que conseguimos comunicarnos co profesor da primeira parte da materia, foi moi atento intentando non agobiarnos e facilitarnos as cousas.

Destacar que só se comunicaban a nós a través dunha única persoa, o que nos pareceu inadecuado porque para facer comunicados existe ben o campus virtual ou ben o correo electrónico da USC. Os problemas informáticos persoais do profesorado non poden solucionarse a través dunha chamada telefónica a unha única persoa e que esta llelo comunique ao resto do alumnado (entre outros motivos porque non todo o alumnado ten whatsapp).

Exame: adecuado á situación, pero moi concreto nalgúns aspectos que non se contemplaron nas clases expositivas ou na parte da materia que debiamos estudar para dito exame.

Comentarios nas enquisas do grupo B.

Sobre Botánica II: considero que está mal repartido o tempo; deberíaselles dar máis peso a anxiospermas, e non o mesmo que a ximnospermas. Ademais, a desconexión das prácticas coas expositivas é total.

A adaptación da docencia de Botánica II a remoto foi inexistente: ímonos titular como biólogos sen ter idea de anxiospermas.

REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

